

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1**

### **SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 18 DE XANEIRO DE 2007**

#### **ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa  
Alonso Vázquez, Xulio  
Bermúdez Pérez, Silvia  
Caballero Miguez, Gonzalo  
Calviño Rodríguez, Xullo  
Coello Bufill, Antonio  
Cotobad Tombo, Elías Carlos  
Couto Pérez, José Manuel  
Fernández Fernández, Amador  
Figueroa Vila, José Manuel  
Garrido González, Alicia  
Graña Barcia, María Luisa

Iglesias Carrera, José Manuel  
Losada Álvarez, Abel  
Martíns Vilanova, Margarida Rosa  
Méndez Piñeiro, María Xosé  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Polo Lima, María Soledad  
Ruiz Cenicerros, Mauricio  
Sío Lourido, Belén  
Soto Ferreiro, Manoel  
Toba Girón, Xabier  
Viéitez Alonso, Henrique

#### **NON ASISTEN:**

Arias Moreira, José Carlos  
Comesaña Abalde, Carlos  
Guerra Fernández, Javier Jorge  
López-Chaves Castro, Ignacio Javier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e oito minutos do día dezoito de xaneiro do ano dous mil sete, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez (con atraso), Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Iglesias Carrera, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Arias Moreira, Comesaña Abalde, Guerra Fernández e López-Chaves Castro. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (1).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Caballero Míguez, Comesaña Abalde, Guerra Fernández e López-Chaves Castro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade de vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito acórdase ratificar a urxencia da sesión.

2.- (2).- PROPOSTA DA XUNTA DE VOCEIROS RELATIVA Á ALTA VELOCIDADE FERROVIARIA.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, en sesión do día 17 de xaneiro de 2007, aprobou a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

*Durante o curso do debate, sendo as nove horas e trinta e un minutos, se incorpora á sesión o Sr. Caballero Míguez.*

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: A estas alturas de partido un chega preguntarse se pode e debe estar satisfeito dun acordo unánime da Xunta de Voceiros; formalmente si, pero déixeme expresarlle tamén unha dúbida asentada nun pasado demasiado desgraciado deste tema. Haberá vontade política por parte de todos para cumprir o que acordamos? Honestamente non o teño claro, non vou enganar ós vigueses e viguesas.

Conste que me parece positivo o acordo, conste que lle agradezo ós demais grupos os criterios de converxencia altamente positivos para esta cidade, para a provincia de Pontevedra e por iso mesmo para Galicia, pero hai que pensar máis alá.

Vigo ten potencia para axudar a resolver problemas deste calibre. A crise-carreira política desatada nestes días arredor do AVE está dada porque Vigo empezou poñerse en pé e cando facemos iso as institucións de Vigo, a Xunta e o Goberno do

Estado teñen que se poñer á orde. Polo tanto o problema de Vigo é fundamentalmente de dirección e de unión, que o saiban todos, non vou gastar nin un ápice de demagogia nun tema tan capital como o que estamos a falar.

Pero somos reos da nosa historia, da historia que cun goberno Popular en Madrid, na Xunta e no Concello de Vigo, descartou o trazado da entrada da alta velocidade en Galicia por unha soa liña ata Vigo que nós chamabamos en T porque sempre concibimos esa liña relacionada por unha banda con Pontevedra, Santiago e Coruña e por outra coa cidade de Porto. Esa concepción europea é a que realmente nos pode deparar benestar a Vigo e a Galicia.

Esa concepción na alta velocidade foi desbotada polo Partido Popular gobernante entón, un erro político descomunal e irreparable e así estamos como estamos. Algúns empezamos a traballar para minimizar, que non reparar, aquel erro. Á reparación veu da concepción pola chamada variante Cerdedo-Carballiño.

Unha variante que se pon enriba da mesa en troques da liña da beira do Miño que Fomento preconizaba daquela, que se demostrou máis barata na implantación, no mantemento e máis rendible economicamente que a que puña Fomento; malia todo levounos unha chea de tempo convencelos de que aquela alternativa era mellor. Chegouse a ela, finalmente o Partido Popular rectificou só en parte os erros moi grandes que tiña na alta velocidade en Galicia.

Enrouquecemos dicíndolles que os cataláns que teñen máis poboación, máis renda *per cápita* e máis de todo no mundo económico e empresarial están facendo un esforzo impresionante para facer unha soa liña, ese é o tratamento que se lle da en Europa a estes temas. Pois no, aquí na autarquía que viviamos politicamente en Galicia por parte do Partido Popular co señor Fraga ó fronte, fíxose unha barbaridade histórica que quedará plasmada para os tempos e seguramente xa sen cambio posible,

Daquela tamén lembrar que o Partido Socialista, algúns de cuxos membros se laian tanto hoxe desa decisión, non foron belixerantes en absoluto, non se empregaron a fondo cun tema tan capital como o que estabamos a tratar; para ser xusto só lembro ó Sr. Hernández, deputado entón do Partido Socialista e que curiosamente xa non é cargo, ó mellor porque non era obediente. Non lembro a ningún outro cargo do Partido Socialista defendendo a fondo este tema.

Polo tanto eramos poucos os que defendiamos unha alternativa perdida. Vigo perdeu, hai que asumir con gallardía as derrotas e daquela Vigo foi derrotado e

naturalmente con el a provincia Pontevedra e cando queremos minimizar aquela derrota e buscar solucións máis posibles tamén estamos a sufrir todo tipo de pretericións, de cambadelas e de atrasos.

Vou pedir que se una á acta da sesión de hoxe un Boletín informativo do Ministerio de Fomento e vouno ler porque non ten desperdicio, chámase o Goberno informa. Perdoen que llo lea pero non o conseguín ata onte a noite e coido que ten transcendencia neste debate.

*“El Ministerio de Fomento remite al de Medio Ambiente la memoria ambiental del estudio informativo. Se inicia la evaluación de impacto ambiental del corredor de Cerdedo del tramo Ourense Vigo de la red de alta velocidad de Galicia. Un nuevo corredor se añade al ya enviado a Medio Ambiente, conectará la línea de alta velocidad Ourense-Santiago con el eje atlántico de alta velocidad. 14 de diciembre de 2003. La Dirección General de Ferrocarriles del Ministerio de Fomento ha enviado al Ministerio de Medio Ambiente la Memoria resumen de impacto ambiental correspondiente al estudio informativo complementario del tramo Ourense-Vigo del acceso ferroviario en alta velocidad a Galicia por el corredor de Cerdedo. Con este trámite, previo al de información pública, se inicia la valoración de impacto ambiental del tramo. A partir de ahora, en cumplimiento de la legislación medioambiental, el Ministerio de Medio Ambiente podrá efectuar a las personas, instituciones y administraciones afectadas las consultas previas sobre el impacto ambiental que a su juicio se deriven de este proyecto y recibir de ellas las indicaciones que estimen beneficiosas para una mayor protección del medio ambiente así como cualquier propuesta que consideren conveniente respecto a los contenidos específicos a incluir en el estudio de impacto ambiental que formará parte del estudio informativo de este tramo.”*

Déixenme facer unha paréntese pola miña conta. Ó mellor o Concello de Vigo non está informado deste tema, non ten por que porque formalmente o tramo é Pontevedra-Ourense e non Vigo-Ourense, como tramo construtivo.

*“Esta memoria-resumen complementa la ya enviada al Ministerio de Medio Ambiente en fecha 5 de junio de 2003 en que se recogía el corredor que sigue el curso del río Miño. Durante el trámite de consultas previas iniciado se han recibido alegaciones, entre ellas de la Xunta de Galicia, que han hecho considerar el nuevo corredor cuya tramitación ambiental se inicia ahora.*

*Tras esas consultas previas y aprobado provisionalmente por el Ministerio de Fomento ese estudio informativo complementario, se someterá a información pública y oficial.*

*Superado este período se elaborará el informe de alegaciones y se remitirá a Medio Ambiente para solicitar la preceptiva declaración de impacto ambiental.*

*Antecedentes.- El 13 de marzo de 2001 el Ministerio de Fomento, a través de la Secretaría de Estado de Infraestructuras adjudicó a la empresa SENER la redacción del estudio informativo de la nueva línea de alta velocidad Ourense-Vigo (por el Miño) dentro de cuyo contexto se desarrolla este estudio informativo complementario (é dicir, a variante Cerdedo). La nueva línea de alta velocidad Ourense-Vigo está incluida en el programa de alta velocidad del plan de infraestructuras 2000-2007, forma parte de la línea de alta velocidad Madrid-Galicia del corredor ferroviario del Norte-Noroeste. La actuación se enmarca de un modo general en el cuadrante sur occidental de la comunidad Gallega afectando a las provincias de Ourense, Pontevedra y Coruña. La relación Ourense-Vigo está servida en la actualidad... Características técnicas. El alcance del estudio informativo complementario comprende el nuevo corredor de Cerdedo (outra vez) que arrancando de la línea de alta velocidad Ourense-Santiago, actualmente en concurso de proyecto y obra por el ente gestor de infraestructuras ferroviarias que, desde un punto situado en las inmediaciones de Carballiño, conecta con el eje atlántico de Alta velocidad Vigo, Santiago, A coruña y Ferrol en proyecto y construcción por la dirección de Ferrocarriles al norte de Pontevedra."*

Aquí mesmo se dan tempos de viaxe xa previstos entón polo Ministerio, coincidentes ó cen por cen con quen fixo a variante de Cerdedo, é dicir, os membros de UXT Transportes.

*"Las actuaciones a desarrollar permitirán obtener un tiempo estimado de viaje en el recorrido Ourense-Vigo de unos 28 minutos, lo que unido a los tiempos previstos por el resto de las actuaciones del PIT garantizan servicios en las relaciones desde Madrid a Vigo en un tiempo estimado de dos horas treinta y dos minutos."*

Voulle dar unha fotocopia para que se inclúa na acta. A seguir un se fai dous preguntas dun xeito realmente aséptico: estaba mentindo Fomento cando emite este boletín ou estannos enganando os que agachan este boletín e os seus contidos? Vigo necesita unha clarificación rotunda arredor deste tema, unha clarificación responsable e eu demánda formalmente dende o Concello de Vigo sen prexuízo de que o Partido Galeguista vai seguir facendo as pescudas que lle parezan oportunas para esclarecer este asunto, pero xa adianto a todos que o Partido Galeguista non van ser cómplice nin por activa nin por pasiva, nin antes, nin logo das eleccións de quen queira facer con este tema política de foguetes, de nuncios varios, concertacións políticas interesadas cara á galería nin demais

aparato que está a haber nestes días, polo menos dígoo rotundamente no nome de quen fala.

Sra. Alcaldesa, lamento dicirlle que vostede non ten axudado como debera na resolución deste asunto. No Pleno pasado eu reprocheille que o non tratamento de moitos asuntos cos concellos do Norte de Portugal senón era unha relación causa-efecto, o Concello de Vigo estaba fóra do tema non traballando pola conexión dos concellos do Norte de Portugal con Vigo e nos tempos que corren é absolutamente indispensable. Denuncieille entón o non cumprimento da moción e dígoallo agora con máis contundencia porque a moción referíase precisamente ó tema da alta velocidade.

Dígoille máis e publicamente: eu pensaba que iso non tiña que ser feito coma moción. Entreguei no seu Gabinete un estudo técnico que demostraba que a combinación Norte de Portugal-Sur de Galicia depararía un AVE máis barato en todos os sentidos: en custos, billetes, implantación, mantemento e en todo e dende logo con moitas máis frecuencias e viaxes. Depositeino na súa Alcaldía porque con absoluta lealdade para servir a un tema que é capital, non hai que facer iso que me parece noxento e que vexo nos últimos tempos que é partidismo do máis barato estilo e da mais baixa caste.

Púxeno nas mans do seu Gabinete dicíndolle que o utilizase vostede privadamente coma alcaldesa de Vigo e concertase complicidades cos Concellos do Norte de Portugal para que cando chegue ó tempo se poña á luz pública para traballar os demais nesa dirección. Renunciei ó protagonismo do Partido Galeguista e púxeno nas súas mans. Vostede non fixo nada, dinlle seis meses de tempo e foi cando tiven que traer ó Pleno unha moción para facer o traballo que vostede voluntariamente non quixo facer. Nin vostede nin o seu goberno.

Pero esa moción aprobouse no Pleno por unanimidade, tamén cos seus votos e vostede seguiu sen facer nada para a cumprir, inda llo denunciarei no Pleno pasado. Polo tanto e na miña opinión, por omisión vostede non está a actuar como debera en defensa dos intereses de Vigo, porque non quere ou porque non sabe, non o sei. Non concerta as vontades políticas que habería que concertar con outras institucións gobernantes para resolver problemas desta gravidade.

Vigo está "*ninguneado*" nos últimos tempos e non é de agora, sabémolo todos, pero houbo tempos en que non o estaba e espero que non o estea no futuro.

Sendo culpable vostede do que estou a dicir, para ser rigoroso tamén teño que dicir que neste tema concreto a súa culpabilidade é menor. A maior culpabilidade nestes tempos, así como antes estivo no Partido Popular, está agora no Goberno de España e no Goberno da Xunta de Galicia, aí están os grandes culpables pola falla de vontade política para resolver estas infraestruturas, que só cando Vigo comeza abanear saen con propaganda electoral pura e dura e esas son as respostas que temos.

Lamento profundamente ter que dicir que non creo absolutamente nada as declaracións dos líderes do Partido Socialista neste tema pero teño que o dicir por pura responsabilidade persoal e política con Vigo, porque eu quero ser Vigo e non Partido Galeguista nin partido ningún, ou quero ser Partido Galeguista en tanto que como partido serva obxectiva, vocacional e realmente ós intereses de Vigo, cousa que vostedes na miña opinión non están a facer como partido e lamento de corazón ter que dicir isto porque entre vostedes e no seu Partido hai amigos meus e a barafunda de confusión que teñen montado nos últimos tempos con respecto a este tema é patética.

Ilústrannos a todos outra vez dicíndonos que Fomento ven de facer unha licitación Vilaboa-Pontevedra dicindo que é parte do tramo Ourense-Vigo, é dicir, que teñen decidido ata o día de hoxe facernos ir a Santiago para ir e vir de Madrid. Esa película eu vivina coas autoestradas cando era alcalde, modificamos o criterio do Parlamento e síntome orgulloso dese acerto da man do que era o meu querido partido de entón. Cambiamos a decisión dun Parlamento conseguindo unha autoestrada a Vigo que non estaba en ningún plan, como non está a alta velocidade agora.

Os socialistas de boa fe que son moitos na miña opinión, pregúntense o que cambiou e digan basta. Non aparezan cada un polo seu lado con declaracións xustificativas e contraditorias porque iso só demostra que non hai unha decisión correcta, coñecida e difundida entre vostedes, xa non digo entre os demais. A súa actuación neste tema é absolutamente patética. E a do seu presunto candidato parte do patetismo e da cerimonia da confusión.

Déixenme dicirlles que as declaracións do Sr. Caballero mirándoas cun mínimo de rigor poden ser un fogo fatuo, política electoralista para quen a quere crer, para ter uns cantos soportes que están medidos e premeditados. A nosa voz non vai por moitos sitios pero por algún recuncho vai chegar ós vigueses, xa o verán, vai chegar

en cantidade suficiente como para cambiar o futuro desta cidade e non imos ser cómplices de ningún modo dese tipo de actuacións de foguetes preelectorais sen ningún contido.

Dicir que un se xoga a candidatura se non hai AVE por Cerdedo, a cen, a mil a tres mil anos vista? Que compromiso significa esa declaración pública de foguetes fatuos? E parte de Vigo recibe esa declaración de modo alborozado porque estamos tan desesperados que a algúns lles parece ver algo onde non hai nada. Que subordine o seu rol político a prazos concretos, a calidades técnicas no BOE. Eses son os únicos compromisos que queremos escoitar ó Sr. Caballero, a vostedes como grupo municipal, á Xunta de Galicia e ó Goberno de España. No BOE porque vostedes neste tema non son cribles e falo dos seus comportamentos como Goberno de España e como Xunta de Galicia e da complicidade do Partido Socialista en Vigo neste tema, a complicidade do silencio ou de querer xustificar o inxustificable.

Estamos diante dun tema demasiado transcendental e voules dicir unha cousa. Vostedes poden inventar as enquisas que queiran pero pasará o que pasará e xa verán que sorpresa. O compromiso absoluto de como teñen que ser as políticas para que apareza no BOE ou o Partido Galeguista non apoiará, non colaborará con ninguén en ningún goberno municipal de Vigo. Dígoo para todos e para todas.

Para non confundir á opinión pública vou dicir que a alta velocidade se podería conseguir máis fácil co Partido Socialista porque está no Goberno e tería máis facilidades para o facer, pero tamén lles digo que é perfectamente posible e síntome absolutamente capaz de facer iso sen ser membro do Goberno do Estado porque estaría boa que de aquí en adiante houbera só unha causa-efecto e houbera que pertencer ó partido do goberno para poder gobernar unha cidade. Asegúrolles que este tema vaino gañar Vigo.

É a primeira vez que vou falar en público da conselleira Sra. Caride e lamento ter que o facer, pero polas súas declaracións de onte aparece coma outra cómplice da cerimonia da confusión, implicando á súa actuación de conselleira e á Xunta de Galicia do seu presidente, un presidente que por primeira vez vou facer unha declaración contraria á súa xestión. Presidente a quen teño apoiado actuacións mesmo en solitario, como a reforma de Tea que nós defendemos aquela posición porque nos parecía boa, non nos importa defender cousas que outros non entendan nun momento determinado se realmente cremos que son boas.



Temos defendido moitas das súas actuacións e só lle pedimos unha cousa: a alta velocidade. Síntome profundamente defraudado coa súa actuación porque está subordinando o seu cargo da Presidencia da Xunta de Galicia e está ós ditados do Goberno de España en Madrid. Eu non penso que o Presidente da Xunta de Galicia queira mal a Vigo ou a Galicia, pero si creo que mansamente se subordina ó que dita o partido en Madrid é isto si que é lamentable.

Eu quería dicir estas verdades no día de hoxe porque, créanme, non é con vontade de aldraxalos, é coa vontade política de buscar rectificacións nas condutas de todos. Non sei se isto será inxenuo pola miña banda, é a dúbida que me queda. En todo caso prefiro o pecado de inxenuidade que as patéticas colaboracións interpostas que teñen permanentemente entre vostedes para acadar que a área máis poboada de Galicia, a maior área industrial, unha das dúas áreas turisticamente máis importante e inda por riba tendo a carón a un Portugal que coa súa decisión Vigo-Porto xa ratificada significará que o sur terá ó redor de cinco millóns de pasaxeiros potenciais para a liña do AVE, ten unha consideración subordinada con respecto a outras zonas de Galicia e quen fala en modo ningún quere facer localismo barato nin unha política insolidaria co resto de Galicia, pero cando se ten decidido este AVE que é en contra dunha zona de Galicia que é a nosa, eu non quero en modo ningún facer menoscabo das actuacións que se lle queiran dar a Ferrol, a Coruña ou Santiago, actuacións que son decisións profundamente localistas, Sr. Bugallo, está a practicar un localismo barato e por riba dicir que localismo é o que defendemos en Vigo. Hai que ter cara lavada para non defender solidariamente, como facemos dende aquí, un proxecto galego integral. Vostede e o Sr. Vázquez montaron un “*lobby*” para que o norte prevaleza sobre o sur e algúns non o consentiremos.

SR. TOBA GIRÓN: Vou procurar ser breve pero si dicir o que para o noso grupo é esencial neste tema; se o resto dos voceiros así o queren logo intervirei nunha segunda rolda.

O noso grupo acode a este Pleno coa satisfacción de termos unha posición común de todos os grupos municipais e dende o noso punto de vista iso é moi importante. Quero salientalo en primeiro lugar porque nalgún momento temín que puidera non acontecer iso; díxenllo ademais ó Sr. Soto que tivo un papel moi importante precisamente en que hoxe estiveramos os catro grupos de acordo e quero que

conste na acta. Non me doen prendas no dicir, xa o dixen na Xunta de Voceiros e coido que é bo que hoxe cheguemos, sen limiar pero cun acordo de todos os grupos.

Estamos falando da infraestrutura máis importante para a cidade nos próximos anos. Unha vez rematado o segundo cinto que puxemos en marcha no anterior mandato entre todos, porque aí colaboramos todos os grupos, Vigo realmente debe ter como obxectivo asegurar a súa conexión ferroviaria porque vai ser a nosa vida para os próximos moitos anos, o que non se faga nos próximos quince anos xa non terá efectos sobre a nosa cidade e sobre a nosa área metropolitana. Polo tanto chega o momento de, sen distraccións, centrarse sobre o tema ferroviario que ten varias partes importantes e que xa o temos discutido moitas veces.

A conexión da alta velocidade, a saída sur do Eixo Atlántico, a entrada polo norte..., eses son os capítulos da novela que hai que escribir nos próximos meses e anos e nesa novela debemos procurar ter alicerzados os acordos mesmo da metodoloxía para traballar na consecución desas infraestruturas porque cando se fala diso, na opinión do BNG debemos ser quen de ir máis aló das situacións de conxuntura e de traballar de xeito conxunto e continuado. Sirva como lección os acordos adoptados no mandato pasado en torno ó segundo cinto que, fronte á inoperancia do mandato anterior, permitiron a súa posta en marcha.

Neste caso temos que ser quen de avanzar tamén conxuntamente como fixemos ó longo do mandato pasado, sen nos preocupar demasiado de ruídos de sectores que evidentemente non ven as necesidades de Vigo e máis de Galicia, porque a posición que estamos hoxe a defender aquí non é localista, niso coincidimos plenamente e coido que todos os grupos tamén co Sr. Soto, estamos defendendo a esencia da funcionalidade da alta velocidade para Galicia.

Polo demais debemos seguir traballando conxuntamente. Citaba o Sr. Soto datos de hai uns anos pero eu son unha persoa moi optimista e coido que se esta Corporación e a seguinte están unidas arredor de obxectivos, determinadas declaracións serán anécdotas. Vou citar unha declaración de marzo de 2003: alguén dixo referíndose ó AVE de Andalucía *"Yo no lo hubiera hecho"*. Esa frase é de don José María Aznar. Non prestemos moita atención a ese ruído e fagámolo á nosa unidade arredor da consecución de obxectivos. Acabo de citar unha frase dunha persoa que foi presidente do Goberno de España e fágoo precisamente para que teñamos conciencia de ata que punto se estamos unidos acadaremos os nosos

obxectivos. Non vai pasar nada coas declaracións que está a haber que serán sinxelamente espaventos pasados uns anos. O fundamental é traballar nós conxuntamente.

O Sr. Soto citaba aquel estudo informativo lícitado en decembro de 2001 do que estabamos informados. Lembrarán os que estabamos na anterior Corporación que tivemos sucesivas reunións do Consello Económico e Social. O Sr. Figueroa que ten boa memoria e que tamén xogou un papel importante no acordo de Cerdedo, lembrara igual que o Sr. Soto que precisamente foi aquel estudo informativo o que desatou un traballo continuado no Consello Económico e Social que chegou elixir unha comisión técnica, presidida por persoas do Club Financeiro e da Cámara de Comercio, que fixo un traballo encomiable e absolutamente necesario cando xa perderamos a oportunidade da “ele” da que falaba o Sr. Soto, pero podíamos gañar a oportunidade de Cerdedo.

Aquel traballo conxunto, que custou entre outras cousas unhas vinte reunións do Consello Económico e Social que se realizaron durante o mandato pasado, mesmo con esa comisión técnica, trouxo consigo o acordo de final de 2002 para que se producira a conexión por Cerdedo, que como dicía o Sr. Soto era o último vagón ó que nos podíamos agarrar para entrar directamente na conexión da alta velocidade Vigo-Ourense sen a conexión á beira do Miño.

Baixo o noso punto de vista pasa que dende aqueles acordos naqueles anos perdeuse a tensión, esta Corporación non mantivo a tensión. Sra. Presidenta vostede non soubo dar continuidade a ese traballo que naquel momento quedara francamente ben, non como nos gustaría pero quedaba en boa situación para continuar a xestión política porque a xestión das grandes infraestruturas necesita traballo continuado de moitos anos e necesita constancia. Pero é que neste mandato o Consello Social reuniuse seis veces e no mandato pasado foron vinte veces, mesmo escollemos unha comisión técnica que nin sequera estaba liderada por membros da Corporación, senón por representantes desta cidade e na que os políticos desta cidade eramos a transmisión dos posicionamentos por vía do Consello Económico e Social. Ese é o traballo que tiña que ter continuidade ó longo deste mandato e sinceramente baixo o noso punto de vista non a tivo.

Non botemos balóns fóra, a primeira responsabilidade de que avancen as infraestruturas de Vigo é nosa sabendo fraguar e xestionar os acordos da cidade conxunta e solidariamente e superando posicionamentos de partido porque a

consecución da alta velocidade para Vigo non é unha cuestión de partido nin de un ou varios candidatos, é unha cuestión que debe abranguer á totalidade das forzas políticas que representamos a esta cidade e debemos ser quen de superar o debate partidista en asuntos nos que nos imos xogar o fundamento, a esencia das infraestruturas de Vigo para os próximos moitos anos.

Ridículo sería que o Ministerio de Fomento fixera caso a unha persoa, pero non é nada ridículo que o faga ó conxunto da cidade unida detrás da súa Corporación Municipal. Máis aínda, os que xa estivemos no mandato pasado sabemos que somos capaces porque xa acadamos o acordo de Cerdedo e fixémoslo traballando todos. Houbo traballo por parte do BNG, tamén do Partido Socialista, do Partido Galeguista e tamén do Partido Popular e iso foi o que permitiu colocar ó Ministerio de Fomento naquel intre ante a necesidade de Cerdedo e ese é o camiño que temos que seguir, pero traballando con continuidade, con constancia e non deixando baleiros.

O baleiro dos últimos catro anos lémbreme o baleiro do período 91-95 en relación co segundo cinto, pero neste caso se deixan ese baleiro dificilmente se encherá no futuro. Polo tanto e baixo o noso punto de vista é o momento de actuar conxuntamente, recuperado o pulso e a tensión e transmitilos á Corporación que está para chegar.

Só unha indicación máis a respecto do acordo que por suposto imos votar e é expresar que dende o noso punto de vista, como xa dixen na Xunta de Voceiros, apoiamos a convocatoria deste Pleno pero nos tivera gustado máis que antes do Pleno se realizara unha xuntanza do Consello Social e non ó revés. Pensamos que tería sido mellor precisamente para acumular forza social detrás do acordo e para avanzar de conxunto superando os debates de partido. Tal como está no acordo coido que o Consello Social vaise realizar a próxima semana pero expreso que para nós tería sido mellor que ese Consello Social se realizara con anterioridade a este Pleno. Dese xeito, ademais de ter toda a razón como a temos, teriamos detrás o apoio dos representantes da cidade que nunca ven mal neste tipo de acordos.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Quero deixar claro, como voceiro do Grupo Socialista, que a proposta que se presenta hoxe é unha proposta da Xunta de Voceiros ó Pleno do Concello asumindo integramente o proposto polo Partido Galeguista e o seu voceiro, Sr. Soto. Quixemos deixalo absolutamente claro na Xunta de Voceiros para que non

coubera a máis mínima dúbida do total compromiso de todo o Partido Socialista coa consecución dos sete puntos que se propoñen nesta moción, como vimos facendo por certo dende que estamos sentados nesta mesa os actuais compoñentes do Grupo Municipal Socialista.

Querémolo dicir dun xeito tallante porque non nos sentimos en absoluto incómodos falando deste tema. Levamos a cabeza ben alta como non pode ser menos e sei que en ocasións mesmo xornalistas teñen algún problema, pero non para nós porque estamos absolutamente convencidos de que o Goberno de España está a facer arduos esforzos, un investimento moi importante en Galicia, adicando o 8% dos orzamentos do Estado neste ano e o compromiso é que vai ser así no futuro, e nese sentido estamos absolutamente comprometidos co que poida facer o Goberno de España a prol de Galicia

Queremos deixalo perfectamente claro no tema que estamos a debater en concreto e aquí quero corrixir un pouco ó voceiro do Partido Galeguista para dicir que cando se debateu o tema do “te” ou da “ele”, que aseguraría un AVE en condicións para Galicia, realmente competitivo con todas as vantaxes do mundo, de xeito que íamos ter moito máis servizo, máis barato, etc., non foi Vigo o derrotado. Cando se perdeu aquela oportunidade arredor da que estaban todas as forzas políticas e sociais da cidade foi Galicia a derrotada. Querémolo deixar ben claro.

O curioso é que en ocasións dámoslle máis importancia a pequenos boletíns que normalmente os fan técnicos dos Ministerios, que a importantes declaracións políticas dos máximos responsables de institucións e o presidente da Xunta naquel intre, estamos a falar do ano 2002, era o máximo responsable dos galegos e el foi o máximo responsable, aínda que con compañía, de que se desbotara esa posibilidade que estabamos a esixir todas as forzas políticas e sociais de Galicia.

Non lle quero dar importancia a dilixencias previas, a estudos informativos do ano 2001 porque para min a importancia está nunha xuntanza realizada o 3 de abril de 2002 co presidente da Xunta, acompañado da entón conselleira de Asuntos Sociais, que ben ser preocupou o Sr. Fraga de que estivera presente nesas reunións, cando botaron abaixo a solicitude de todos os vigueses, de toda a provincia de Pontevedra reclamando a “ele” para o acceso do AVE a Galicia.

Quéroo dicir perfectamente claro porque ese 3 de abril as forzas políticas e sociais viñeron aceptando o que o Sr. Fraga impuxo nesa reunión. Nun Consello Social realizado ó día seguinte acéptase o caramelo que nos deu da proposta dun acceso

Vigo-Ourense cun trazado en dobre dirección paralelo ó Miño. Está nas actas dese Consello Económico e Social. Falábase entón do Miño, de que esa era a solución. Dende entón choveu moito e cambiaron moitas cousas. Todos entendemos en base a proposta da UXT, que a proposta Vigo-Pontevedra-Cerdedo-Carballiño-Ourense era moito máis axeitado.

Escuso dicirlles que dende logo que traballamos dabondo porque iso foi adiante e aceptado, dun xeito polo anterior Goberno e dun xeito claro e definitivo polo actual Goberno de España, porque que hai máis importante que o plan estratéxico de infraestruturas e transportes que se aproba en sede parlamentaria, que defende o Goberno, que queda perfectamente claro que a variante por Cerdedo vai ser un obxectivo estratéxico para o Goberno de España.

Evidentemente había moitas máis dúbidas. O curioso é que onte, cando lle pedimos ó secretario os acordos do Consello Económico e Social, na documentación que se me deu fotocopiada faltaba unha declaración de marzo de 2002 que era a realmente importante e que eu tiña porque, aínda que non estaba nesta Corporación, parecíame que era a que puña o acento onde tiña que estar, no alcance estratéxico do que sería a “ele” ou a “t” para Vigo e para toda Galicia.

Isto foi antes de que se cedera ante a presión do presidente da Xunta, Sr. Fraga naquel intre. Deixábase perfectamente claro que era absolutamente vital aquela “ele” e en todo caso deixar claro que isto ten moita máis validez que calquera boletín interno feito por técnicos dun Ministerio.

Había moitas dúbidas e no Consello Social xa deste actual Goberno tivemos unha xuntanza moi importante o 13 de xaneiro de 2005 onde debatemos unha serie de cousas sobre o Eixo Atlántico, sobre Cerdedo, a saída sur, a estación pasante. Naquela xuntanza normalmente o que se entende como posición incómoda era a do representante socialista, deixamos absolutamente claro o total compromiso con todas esas peticións do Consello Social pero tamén salientabamos dun xeito rotundo e chamabamos a atención a todas as forzas políticas e sociais, como lembrará a Sra. Alcaldesa que era quen presidía esa reunión, en que por ser o acordo de Cerdedo o último en se incorporar, o último que mesmo a nivel administrativo tiña estudo informativo en marcha; ía ser o que máis problemas ía ter para a súa realización.

Chamabamos a todas as forzas políticas e sociais a ser moi claras na defensa dese obxectivo para que non houbera atrasos nese tema que era o que viamos máis

perigoso de que tivera cumprimento. Todos os demais acordos do Consello Social do 13 de xaneiro están en marcha, este é o que segue a estar máis paralizado, está claro.

Hai un feito novo; a través de boletíns internos dun ministerio feitos por técnicos, neste caso benvidos, creouse nesta cidade unha situación que volve chamar a atención porque a verdade é que a Alcaldesa non fixo moito por levar adiante eses acordos do Consello Social, precisamente no punto no que máis insistiamos os socialistas, a necesidade de que toda a cidade premese sobre este tema permanentemente. Agás que declaracións para consumo interno a nivel local e un par de cartas non se fixo moito máis.

Pero esa situación creada por boletíns internos dun ministerio cremos que pode ser moi favorable para Vigo e para Galicia porque pode remover o que de novo está bastante paralizado no Ministerio e que é obriga dos vigueses removelos a fondo. Isto sen ningún tipo de subordinación ó Partido en Madrid. O que se está a oír estes días con respecto a estas historias xa amola porque eu mesmo non cría o que está a defender o candidato á Alcaldía Abel Caballero, militante do Partido Socialista, no sentido de que puideramos acadar algo para min moi difícil por razóns profundas, orzamentarias, técnicas e de todo tipo, que era que acadáramos que a variante por Cerdedo rematara ó mesmo tempo que A Coruña-Santiago-Ourense.

A valentía dunhas declaracións que dende logo non tiñan en conta ningunha subordinación con Madrid, coido que creou nesta cidade unha situación política nova que nos pon en condicións de realmente acadar ese obxectivo no que eu mesmo ata hai pouco non cría, e coido que criamos poucos nesta cidade porque o feito obxectivo é que é o último incorporado, o que tivo máis atrasos, o que segue uns trámites complexos pero que se creara esta situación coido que é enormemente positivo mesmo para acadar ese obxectivo que é o que estamos a aprobar na proposta da Xunta de Voceiros o Grupo Socialista. E facémolo porque cremos que o realmente novo é que acontecera esta situación e é enormemente positivo para esta cidade. Niso teríamos que estar alegres todos os partidos e as forzas sociais porque iso foi o revulsivo que nos pon en condicións de acadar eses obxectivos.

Para iso é para o que nos temos que unir todas as forzas políticas e os grupos municipais neste Concello porque o realmente novo da declaración é que se esixen prazos, o das calidades técnicas está asegurado, que vai ser unha variante coas

mesmas características que Santiago-Ourense está asegurado no PIT e polo Ministerio repetidas veces. O problema van ser os prazos e hai razóns obxectivas para dubidar de que poida ir adiante.

Coido que estamos nas mellores condicións e é hora de que nos unamos todos e non se trata de poñer a medalla a ninguén. Trátase de que a medalla nola poñamos todos os vigueses e que poidamos seguir pulando porque isto poida ser algo que estou absolutamente convencido que é moi posible que se acade.

Ese é obxectivo principal no que temos que traballar as forzas políticas viguesas e que temos que trasladar ó Consello Social o próximo martes para que todos unidos poidamos superar as múltiples dificultades, que seguro que as vai haber, orzamentarias, técnicas e de todo tipo, para que iso sexa unha realidade o máis pronto posible. Iso é no que estamos a traballar dende sempre todos os militantes socialistas.

SR. FIGUEROA VILA: Estamos ante un dos temas que máis nos preocupa á cidade, a chegada dunha das infraestruturas máis importantes para o desenvolvemento da nosa cidade e da nosa Area Metropolitana.

Todos vostedes falan da chegada da alta velocidade dende os anos 96 ó 98, son os discursos que se fixeron hoxe neste Pleno. Voulles dicirlles que non se falou da entrada da alta velocidade dende eses anos, fálase dende o ano 88, pero isto vou deixalo para o final.

Voume centrar nos últimos tempos en que se iniciou un proxecto da entrada de alta velocidade a Galicia cunha serie de características. É certo que dende esta cidade, coido que nun esforzo importante de todas as forzas políticas, sociais e veciñais, se foron conformando as distintas propostas. Primeiro había unha entrada Santiago-Coruña; Vigo se contemplaba pero dun xeito relativo. Solicitouse o tema da “ele” e logo todos coincidimos que naquel momento a mellor opción que nos podía dar unha conexión directa con Madrid en menos de tres horas era a entrada por Ourense-Cerdedo-Vigo.

É certo que aí tivemos un esforzo importante. Non sei se algúns membros da anterior Corporación lembran que nun Consello Económico e Social para chegar a un acordo se aprazou un venres para rematar ó sábado pola mañá. Coido que ese foi o día onde realmente se empezou a plasmar a conciencia de todos os vigueses, sobre todo das forzas sociais, económicas e políticas, que a proposta da entrada do



AVE por Cerdedo era a mellor opción e a que todos iamos defender. Así foi e así se empezou a traballar nesa opción.

En setembro de 2003 a conexión entre Vigo e Ourense por Cerdedo plasouse nun acordo entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento, naquel intre presidido polo Sr. Cascos. Sr. Soto eu teño comigo ese boletín do 14 de decembro de 2003 onde se da esa información, pero non so teño iso, teño recortes de prensa de todas esas datas. Mesmo lles vou dicir que no último Pleno da anterior Corporación tratouse un tema relacionado co AVE. Digan a verdade de que non se concretou na anterior Corporación, foi un Pleno máis para concretar a proposta de acordo que logo tanto a Xunta de Galicia como o propio Ministerio de Fomento puxeron en marcha. Ese 14 de decembro se empezan elaborar as propostas de licitación, de estudo, etc.

Tamén é certo e logo falarei das intervencións da Sra. Alcaldesa porque están mentindo. Hai unha serie de intervencións importantes durante todo este período pero logo falarei diso.

Sr. Soto, o 14 de decembro de 2003 publicouse esa información do Goberno pero vostede sabe que hai un cambio de Goberno. O 16 de abril de 2004 toma posesión o Sr. Zapatero e a partir de aí non se fai absolutamente nada, estannos enganando ós cidadáns, non hai ningún estudo de licitación feito nin ningún proxecto en marcha do estudo informativo, se non que nos digan onde están.

Buscando información aparece un anuncio de información previa no Diario Oficial das Comunidade, que é como se fai; faise un anuncio de licitación previa para logo reducir os prazos de licitación, e o 13.04.05 na relación dese anuncio de información previa aparece no punto 34 "Estudo informativo liña de alta velocidade Ourense-Vigo, variante de Cerdedo" pero isto a día de hoxe está sen licitar. Non hai ningunha licitación nin publicación, polo menos que nós saibamos, nin no Boletín Oficial do Estado, nin no Diario Oficial das Comunidades, nin en organismo de ningún tipo.

Supoño que algunha responsabilidade terán os que están a gobernar. Se o 14 de decembro de 2003 se fai esa información co acordo previo de traballo que fixemos as forzas políticas, sociais e económicas, hai un cambio de goberno o 16.04.04 en que toma posesión o Sr. Zapatero e a partir de aí tamén hai unha serie de antecedentes, dende o Plan Galicia, ata vir a Galicia e non vir a Vigo, non facer ningún tipo de anuncios, confundir á opinión pública, etc.

Remontándonos xa as últimas datas coido que hai unha intervención moi importante nesta cidade diante de todos os empresarios e dos medios de comunicación da número dous do Goberno, que non é a ministra de Fomento, onde mesmo se chegou criticar por parte dalgún membro do Partido Socialista a intervención da Sra. Alcaldesa.

A Vicepresidenta do Goberno ven á cidade de Vigo a un acto institucional, non invitan á Alcaldesa porque seguramente a súa presenza podería ser incómoda pero si o fai o Club Financeiro e participa. Ten a valentía, o que non é fácil, de facer unha pregunta que non se lles deixou facer ós medios de comunicación pero alcaldesa tivo que a facer na sobremesa. A pregunta foi clara e concreta: como estaba a entrada do AVE en Vigo por Cerdedo. A resposta da Sra. Vicepresidenta do Goberno foi tan contundente que nos deixou tranquilos a todos, pero mentiu.

5 de decembro: “Ningún proxecto de infraestruturas sofre atrasos en Galicia, incluída a alta velocidade que enlazará Ourense-Vigo... Quero lembrarlles que este proxecto estaba bloqueado e que agora está encargado o proxecto construtivo e o informe de impacto ambiental”. Mentira, a Sra. Vicepresidenta do Goberno é unha mentireira, mentiu. Eu recollo o que dixo, non se trabucou, é que non tiña nin idea deste tema porque lle estaban pasando as notas e diso son testemuñas os medios de comunicación.

Ese é o problema, unha Vicepresidenta do Goberno que ven á unha cidade como Vigo pero o que pasa é que se viña facer a foto cun candidato e ó final non esperaba que a máxima autoridade da cidade acudise a un acto organizado polos empresarios. Ó mellor tampouco se atopou coa alcaldesa que ten as súas características e unha delas é que tenta defender a esta cidade e mesmo foi criticada por facer esa pregunta pero fixo ben porque isto está recollido en todos os medios de comunicación da cidade.

Non sei se é que menten os señores periodistas porque ou menten eles ou mentiu a Vicepresidenta do Goberno e se non é así que quite un comunicado oficial desmentíndoo ou dicindo que foi un erro. De momento non o fixo, marchou para Madrid e riuse de todos os vigueses e isto si que é un dato real, non estamos a enganar a ninguén.

Esta inquietude xorde porque hai unhas declaracións do presidente da Xunta de Galicia nos medios de comunicación, que son quen nos trasladan a actualidade a moitos cidadáns, dicindo que non é prioritario o AVE Ourense-Cerdedo-Vigo. A partir

de aí hai unha reacción social da cidade e convócase unha Xunta de Voceiros coa previsión dun Pleno extraordinario. Esa é a situación na que nos atopamos a día de hoxe.

Deixei dúas partes da miña intervención para matizar porque coido que son importantes. Non ía falar do candidato Sr. Caballero, pero logo da defensa que algúns fan con adulacións teño que intervir en primeiro lugar dando as datas das intervencións da Sra. Alcaldesa.

A alcaldesa, a diferenza doutros, cando era candidata fixo unha visita ó Sr. Cascos para lle pedir, porque era prioritario para Vigo, a entrada do AVE por Cerdedo e tamén a autovía Vigo-Porriño. Esa entrevista produciuse o 08.05.03 e entendemos que calquera membro dun partido poida visitar a un ministro solicitándolle algo para a súa cidade, sempre que o faga dun xeito positivo, sumando esforzos, buscando o mellor para a cidade e así se fixo.

Cando xa é alcaldesa, o 14 de decembro, ó día seguinte de tomar posesión tamén se anuncia ese tema, que é certo que xa se viña traballando dende antes. O 07.07.04 xuntanza en Fomento co secretario de Estado de Infraestruturas para falar dos temas importantes da cidade, entre eles o AVE. O 02.09.04 xuntanza tamén para falar de temas do AVE con outros responsables do Ministerio. O 18.11.04 xuntanza co presidente de RENFE. O 23.02.05 nova xuntanza co presidente de RENFE. O 7 de abril xuntanza co director xeral de Patrimonio de RENFE. O 3 de marzo xuntanza co secretario de Estado de Infraestruturas e coa conselleira de Política Territorial asinando un protocolo.

Non só isto, senón que na súa cuarta etapa como senadora ten dúas preguntas no Senado. Unha o 10 de novembro de 2004 e outra o 1 de decembro do mesmo ano; pregunta se o tren de alta velocidade entre Vigo-Pontevedra e Ourense se realiza na localidade pontevedresa de Cerdedo. A resposta á esta última pregunta vouna ler enteira.

*“Asunto: Estado no que se atopa o estudo informativo para que a conexión do tren de alta velocidade entre Vigo-Pontevedra e Ourense se realice na localidade de Cerdedo, Pontevedra.*

*Resposta: O estudo informativo do tramo de alta velocidade Ourense-Vigo licitouse o día 16 de decembro de 2000 e adxudicouse o 12 de marzo de 2001 por un importe de 826.992,66 euros e un prazo de execución de 18 meses. Este estudo non contempla inicialmente o corredor de Cerdedo (é certo que houbo un estudo*

informativo anterior). *Con data 5 de xuño de 2003 (máis de 26 meses logo da adxudicación) o Ministerio de Fomento remitiu a memoria-resume ó Ministerio de Medio Ambiente para efectuar o trámite de consultas previas medio ambientais de Cerdedo (o actual Goberno está recoñecendo que o anterior xa remitiu e puxo en marcha as consultas previas medio ambientais). Posteriormente, con data 14 de decembro de 2004 (á que facía referencia ó Sr. Soto) remitiuse ó Ministerio de Medio Ambiente unha memoria resume complementaria na que consideraba o corredor de Cerdedo. Con data 23 de abril de 2004 recibíuse a resposta a estas consultas previas (seguíuse a tramitación do Goberno do Partido Popular porque o día 16 de abril tomou posesión o Sr. Zapatero, é dicir o traballo estaba feito). O Ministerio de Fomento está aberto a estudar o corredor de Cerdedo redactando a estes efectos o necesario estudo informativo onde deberá terse en conta o resultado das consultas previas antes citadas, único trámite que se levou a cabo polo anterior Goberno en relación a este corredor.”*

O día 1 de decembro de 2004 estaban dicíndolle á senadora que o estudo informativo se estaba redactando. Asina o secretario de Estado das Relacións coas Cortes.

Tamén tivo outra pregunta o 10 de novembro con respecto á entrada da alta velocidade na cidade de Vigo e respóndeselle que *“El estudio informativo del tramo Vigo-Pontevedra Del Eje Atlántico de alta velocidad se sometió a información pública el 04.10.02 y solicitada la declaración de impacto ambiental el 10.03.03, declaración que aún no se produjo.”*

Polo tanto en canto ás intervencións da Sra. Alcaldesa neste tema supoño que estarán de acordo que nunha institución como o Senado, cunha resposta do secretario de Estado, ten que ser válida, fiable e ten que ter o apoio do Goberno, senón o secretario de Estado non asinaría un documento oficial correspondente ó Ministerio da Presidencia.

A Sra. Alcaldesa ten dez intervencións directas neste tema e sempre con compromisos firmes do Goberno de que se está a redactar o estudo informativo. Enganaron á alcaldesa, ós cidadáns e seguen a enganarnos porque as declaracións que se fan no día de hoxe repito que son falsas, é mentira, é imposible que se poida ter un estudo informativo se non temos aínda a licitación publicada logo do verán. Digo con toda claridade que nos están a enganar novamente e alguén terá que presentar a dimisión.

Como se vai entender que se necesitan 56 días de publicación no Diario das Comunidades imos ter logo do verán o estudo informativo enriba da mesa? Hai que o licitar, quitalo a concurso, adxudicalo, redactalo, exposición pública ás administracións, exposición pública ós cidadáns. Voulle dar un prazo a este estudo informativo: non está nin no 2009. O estudo informativo anterior tardou 18 meses, no mellor dos casos a finais de 2008, logo de pasar todos os trámites, resposta ás alegacións, etc.

E hoxe sorpréndennos dicindo “Fomento se toma outros seis meses para acabar o estudo informativo de Cerdedo”. Isto é mentira porque é imposible fisicamente, aínda que teñan o estudo rematado a día de hoxe, é imposible aínda no caso que tivesen o documento rematado. Por iso un enxeñeiro de obras públicas, experto en ferrocarrís que eu non coñezo, don José Carlos Fernández, di: “O prognóstico máis optimista é que estará operativo en 2015”, publicado nos medios de comunicación. Por todo isto coido que aquí si que hai unha clara responsabilidade política e non me estraña aquela frase de “Galicia DM”.

Sr. Soto, supoño que tamén vostede terá algunha responsabilidade, o ano 88 era alcalde desta cidade. O 3 de maio de 1988 aparece vostede nunha foto co ministro de Transportes e Comunicacions e o Gobernador Civil e os titulares do Faro de Vigo, que coido que naquel intre debía ser dos poucos medios escritos que había, di: “Abel Caballero anuncia trens de alta velocidade ata Galicia. Abel Caballero, Ministro de Transportes, anunciou onte en Vigo que Galicia disporá a partir de 1993 de trens de alta velocidade, coñecidos polos técnicos como “*intercity*”... A tal efecto, dixo o ministro, está xa calculado un investimento de 40.000 millóns de pesetas. Caballero di que de Vigo a Santiago o tren será máis rápido que o coche. Abel Caballero anunciou en Vigo que en 1993 Galicia contará con trens “*intercity*”...”

Nin “*interparroquias*” chegaron aínda. “...En 1993 contará con trens “*intercity*” ou de alta velocidade, asegurou o ministro de Transportes Abel Caballero durante a súa estancia onte na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Vigo. Con esta afirmación o representante do Executivo deixou claras as pretensións de RENFE no sentido de que Galicia non se verá discriminada neste aspecto. O ministro salientou que en canto remate a realización do novo túnel do Guadarrama poderá haber trens de alta velocidade que enlacen Madrid e Galicia. Neste sentido hai que salientar que xa está adxudicado o orzamento da variante entre León e Monforte de Lemos por un importe total de 40.000 millóns de pesetas. Con estes

dous investimentos circularán na data mencionada en Galicia os trens de 250 Km/h. Abel Caballero matizou posteriormente que isto non quere dicir que as vías férreas de Galicia, que se ampliarán para as facer de dobre sentido, vaian circular os trens a esa velocidade, posto que pola propia orografía do terreo non o poderán facer.”

É dicir, que no ano 88 dicían que Vigo ía ter tren de alta velocidade con 250 Km/h sendo don Abel Caballero ministro de Transportes e Comunicaci3ns.

Recollendo o f3o condutor do meu discurso, quen lle vai crer 3 Sr. Caballero se cando el era responsable do Ministerio que poder3a traer o tren de alta velocidade a Galicia fac3a esta afirmaci3n tan rotunda, categor3ica e agora di que non se presenta se non consegue, que? Pois coido que vai ter que ir presentando a dimisi3n logo das declaraci3ns de onte que coido que son moi sospeitosas. Que unha ministra de Fomento non compareza cunha conselleira nunha rolda de prensa, como dic3a o ben querido compa3eiro Antonio, tufo pol3tico malo.

Que unha ministra non compareza cunha conselleira apoiando unha acci3n de goberno, malo. Non 3 un director nin un secretario xeral; 3 a conselleira de Pol3tica Territorial da Comunidade Aut3noma. Que non compareza apoiando a postura de ratificar a entrada do AVE por Cerdedo en prazos 3 para desconfiar, a3nda que prazos xa non os pode dar, consignaci3n orzamentaria tampouco porque non a ten e polo que ser3a totalmente imposible a d3a de hoxe.

O que se est3 a producir aqu3 claramente 3 unha manobra pol3tica de confusi3n, un ataque 3s cidad3ns vigueses sobre todo 3 s3a intelixencia e parece que coidan que todos somos parvos nesta cidade. Se se quere facer o AVE, se se queren cumprir os compromisos que se licite o estudo informativo, que se publique nos bolet3ns, que se marquen os prazos que se fale de consignaci3n orzamentaria, etc., ent3n todos si poder3amos crer que esa proposta se levar3a a cabo.

Algu3n tentou defender aqu3 a postura dun candidato; 3 l3cito que un candidato poida facer todas as propostas que queira e ademais hai que as respectar, pero non pode confundir, manipular 3 opini3n p3blica e pensar que por unha manifestaci3n dun candidato o Goberno ten que actuar. O Goberno ten a responsabilidade, o compromiso con toda esta cidade e a s3a 3rea metropolitana de axilizar 3 m3ximo os prazos e a consignaci3n orzamentaria da entrada do AVE por Cerdedo. Coido que ese debe ser o compromiso do Goberno de Espa3a.

Mentres tanto o demais son trolas, postas en escena, parece unha obra de teatro por cap3tulos. Ningu3n se pode crer esta montaxe, temos que falar cos cidad3ns con

rigor e seriedade. Ninguén o pode crer se unha persoa no ano 88 xa dixo que Galicia ía ter tren de alta velocidade e pasaron case vinte anos e non foi quen de acadar nin unha soa daquelas propostas. Coido que no ano 88 en Madrid gobernaba o Partido Socialista.

Sr. Soto, seguramente vostede naquel intre tivo as súas responsabilidades e eu estou convencido de que o enganaron, que vostede se fiou; non me estraña que logo pasase o que pasou. Ó mellor todas estas cuestións teñen antecedentes. Cando un analiza a historia do porqué pasan as cousas pois pasou o que pasou no 91 e lle obrigaron facer o que tivo que facer e esas son cuestións que alguén terá a responsabilidade no devir desta cidade, nos pasos que se deron despois e na situación que estamos a vivir.

O que nós pretendemos é que ninguén nos engane porque é moi grave que unha Vicepresidenta do Goberno veña a un Club de representantes empresariais e sociais desta cidade; ó mellor a un político, a unha alcaldesa sería moi grave pero ata podería ser “entendible”, pero a un foro do prestixio do Club Financeiro, dende logo que eu de seren o seu presidente non me quedaría calado e tamén é sospeitoso que se cale porque a partir de agora a credibilidade do Club Financeiro para a defensa dos temas de infraestruturas é cero, dígoo publicamente. Que non fagan foros nin reivindiquen absolutamente nada porque tiveron a oportunidade de ter unha Vicepresidenta que os enganou na súa casa e non foron quen de rectificar nin de pedir ningún tipo de aclaración

Para min e a nivel persoal o Club Financeiro non ten credibilidade ningunha, pode facer todas as roldas de prensa que queira, pode facer as manifestacións públicas que lle dea a gana pero o día 5 de decembro tivo na súa casa á número dous do Goberno que enganou a todos os vigueses. Se isto é así, que imos esperar dun candidato que está na posta en escena permanente utilizando para a súa promoción fondos públicos? Calquera cousa.

Imos votar este acordo, imos tentar pechar fileiras con todos os grupos políticos e os estamentos da sociedade viguesa. Así o imos trasladar ó Consello Social e esperemos que se deixen de farsas, de postas en escena, de confusión permanente, de manobras políticas que están fóra de todo lugar e que os cidadáns saiban recoñecer o traballo.

Coido que esta Corporación no seu conxunto e neste tema hoxe da unha mostra de colaboración, xenerosidade e que de verdade nos interesa este tema e niso coincido

cos demais voceiros. Creo que outros estanse a rir da cidade, das forzas sociais, económicas e veciñas e coido que iso non o podemos permitir. Que quede aquí esta denuncia por parte do voceiro que lle fala.

Imos votar a favor e esperemos que non se volvan repetir escenas coma esta do ano 88, anuncios que se quedaron nada máis que niso.

SR. SOTO FERREIRO: Vou tentar ser breve aínda que o debate que temos hoxe é tan capital que paga a pena empregar todo o tempo preciso para tentar clarificar cousas. Volvo explicar a miña intención e a do meu partido, non se trata de deostar, de poñer na picota a outras persoas nin a outros partidos políticos; trátase de lles poñer un espello diante para que cambien actitudes e condutas, uns e outros. Polo menos esa é a intención que nos anima, xa dixen na miña intervención anterior que ó mellor son un inxenuo pero heino de pretender ata o final, entre outras cousas porque Vigo precisa de acordos sinceros como o que subscribimos xa os voceiros e supoño que o imos facer todos os corporativos hoxe. Precisa destes acordos e da forza de todos detrás deles.

Antes fixen omisións na miña intervención que outros puxeron en evidencia. En primeiro lugar, gracias Sr. Toba porque non é frecuente en política unha declaración tan gallarda como a que vostede fixo hoxe. Tamén gracias por terme lembrado porque é certo que houbo unha actitude coherente do Sr. Castrillo e máis de vostede no mandato anterior no que traballaron ademais buscando a complicidade e o traballo conxunto co Consello Social de Vigo en moitas cousas.

É certo tamén Sr. Figueroa o daquela reunión na que vostede tivo un papel altamente positivo. Por que non o recoñecer, pola contra teríamos que tentar todos recoñecérmonos nas mellores accións de todos porque iso é o que realmente lle pode servir a esta cidade. Ó mesmo tempo déixeme dicirlle que non podemos participar en cerimoniais da confusión e ultimamente hai algunha grave.

Sr. Figueroa, vostede citaba periódicos de mediados do ano 88; eu deixei de ser alcalde de Vigo a mediados do 91 e déixeme dicirlle que pola miña responsabilidade, algúns din que pola miña culpa, nunca por culpa do Partido Socialista, nin en Vigo nin no Estado, porque se recibín presións que recibín moitas foi do Partido Socialista de Vigo conxuntamente en asemblea en conversas en despachos en Madrid das máis altas institucións do Goberno de España e do Partido Socialista de entón. Polo tanto a responsabilidade está onde está.



A continuación déixeme dicirlle que fixen aquilo acertado ou erradamente, que me xulguen, pero créame que o fixen buscando un interese obxectivo para a cidade de Vigo e tamén para o meu partido, para recoñecer todo, pero con esa orde de prelación. Vostede citou un tema que evidentemente é o máis doloroso da miña vida política e comprenderá que precisa unha explicación moi breve.

Déixeme dicirlle que eu sentínme nunha situación moi difícil porque unha de dúas, ou realmente mantiña o tipo e íamos a un Pleno onde estaba anunciado que pola non votación dun candidato ía quedar alcalde de Vigo a forza minoritaria máis votada, o Sr. Pérez, e para que? Porque eu non tiña medos nin tabús con que o PP estea no Goberno aquí ou alá. O meu tabú é que, partindo daquela situación política, había tres forzas de esquerda que realmente ían imposibilitar un goberno obxectivo en Vigo, que realmente puidera traballar con forza na defensa nos dereitos e deberes de todos a prol de Vigo. Ese foi o primeiro gran por que da decisión.

Vostede pode pensar e ademais con lexitimidade porque eu comprendo que pasada a peneira do tempo e mirando o que pasou, aquela acción, pódese cualificar de acertada ou trabucada pero rotundamente honesta.

Vostede cita fotos e pode citar moitas máis, pode citar unha con Felipe González que era presidente do Goberno na Moncloa, outras con outros ministros, mesmo unha nun xesto simbólico derrubando o *escaléxtric* de Vigo, ten moitas fotos do poder de Vigo entón con relación ó Estado. O malo é que nestes últimos tempos non hai ningunha. Iso é o que estou a reclamar: poder obxectivo de Vigo.

É máis, convivín razoablemente ben cunha Deputación Provincial que presidía un señor do Partido Popular, cunha Xunta de Galicia que, menos aqueles tres mandatos do tripartito, presidía un membro do Partido Popular; fun o alcalde que invitou primeiro oficialmente ó Sr. Fraga a vir a Vigo porque sempre pensei, acertada ou desacertadamente pero si honesta e lealmente no ben de Vigo.

Naturalmente nunca deixei de pensar nas ideas do partido que defendía tamén lealmente, claro está, pero nunca subordinando os intereses que me tocaba lealmente defender que eran os de Vigo.

Sr. Calviño, eu non quixen entrar máis alá do que fun pero cando vostede pretende minimizar algunhas cousas non está a defender o que máis nos convén. Eu só dixen unha cousa, manexei un boletín que é oficial e que na súa cabeceira di “Ministerio de Fomento”, ten o escudo de España e nun lateral di “O Goberno informa” o

Gobierno de España informa. Podía ser un boletín apócrifo ou anónimo pero máis abaixo di: “Esta información pode ser utilizada en parte ou na súa integridade sen necesidade de citar fontes”. Dille por todos os lados que este é un documento oficial, por condutos oficiais. Non o minimize.

Dixen e repito que hai que investigar porque ou o Gobierno de España estaba mentindo a través deste boletín oficial que eu non o descarto, ou realmente alguén nos está a tomar o pelo, digo as dúas partes. Que unha investigación seria e profunda clarexe cal é e debemos implicármonos todos porque lle convén a Vigo saber isto.

Paréceme que hai persoas do Partido Socialista que están practicando unha cerimonia de confusión grave. Sr. Figueroa, non sei se o Sr. Caballero, cando no ano 88 facía esas declaracións, facíanas pensando se as ía cumprir ou non, non estaba dentro del; daquela si pensei que eran certas, tamén llo digo. Dígolle máis: se sigo a ser alcalde de Vigo por Deus que as cumpre ou non se ía ir de balde.

Sr. Figueroa repítolle que o tema da autoestrada Vigo-Madrid, que por certo era infinitamente máis importante para a comunicación sendo moi importante e capital a alta velocidade, era exactamente o mesmo, Fomento tiña o mesmo plan, facíanos ir por Santiago. A autoestrada chegaba Santiago e logo había unha chamada variante para Coruña e outra para Vigo pero o resultado era que a Coruña se chegaba directamente e para vir a Vigo había que andar 90 Km. máis.

Tíño asinado todos os partidos incluído o meu e eu rebeleime porque estaban trabucados e demostreino e cando o fixen, como entón había un grande estadista ó fronte do Partido Socialista que era o Sr. González, rectificaron. Iso foi unha operación de dous tipos; por unha banda de poder político do Concello de Vigo de entón e de racionalidade e honestidade política do Sr. González que foi quen obrigou ó seu Gobierno a rectificar.

Necesitamos iso, de verdade que necesitamos estar xuntos para defender a Vigo porque temos isto moi mal, basta de política de fogos fatuos e de foguetes. Eu estou máis preto das súas declaracións, non feitas pero implícitas nas súas intervencións Sr. Calviño. A min tamén me da medo o que hai por aí abaixo porque na miña opinión e ogallá me trabuque, ten habido unha actuación deliberada deste Gobierno para non facer Cerdedo, que non para o facer máis tarde, para que nos acostumemos a ir por Santiago e logo xa non hai que lle facer. Iso é o que coido que está tentando o Gobierno de España aínda que non o teño claro.

Non creo que nin a Sra. Conselleira nin o Sr. presidente da Xunta de Galicia sexan cómplices desas intencións. Tento matizar lealmente as miñas opinións en función das análises que teño feito de actitudes e de posicións políticas pero tamén lle digo que a Xunta e o Parlamento de Galicia teñen algo que dicir disto e vostede rectificoume con razón dicíndome máis ou menos “non perdeu Vigo, perdeu Galicia”.

Ten razón, sempre que perda Vigo obviamente perde Galicia pero Vigo perdeu dobremente e admito a súa corrección. Por iso mesmo hai que lle dicir ó Parlamento Galego, ó Sr. Presidente da Xunta e a toda a Xunta que teñen que defender os intereses de Galicia, que non lles pido que defendan a Vigo porque iso si que podería ser unha operación localista. Pídolle, segundo a súa corrección, que defendan obxectivamente os intereses de Galicia e é imposible facelo se non se defende a área humanamente máis poboada, a máis industrial e unha das máis turísticas.

Que Galicia están a defender? Pescanova non pode estar en Galicia por non sei que e agora vimos traela por non sei canto, cando xa a teñen os demais. De que Galicia falan?

Non é que dubide das súas intencións, dubido da súa gallardía para se enfrontar co Goberno e coa dirección do seu partido en Madrid e ogallá me desmintan, pero que o fagan con actitudes parlamentarias públicas. A unhas autoridades pídolles iso e ás outras BOE porque non creo nelas, nestes temas non creo na ministra de Fomento, nin no Goberno que a apoia; noutros temas pódeme parecer que o fan francamente ben pero nestes non creo nada.

Porén, se teñen concertadas fotos sucesivas de anuncios varios nos que casualmente aparece a mesma persoa con declaracións baleiras como as que fixo, afórrenas porque polo menos coma partido non vou parar das denunciar.

A estas alturas só hai unha cousa que valga, demostradas declaracións anteriores empezando polas do Sr. Caballero en certos momentos e aspectos, e seguindo por outras: o BOE. Díxose que todas as declaracións que se fagan serán en xuño. Non será porque precisamente xuño ven logo do 27 de maio? Cabe lexitimamente facerse a sospeita de que están doutra volta nunha operación absolutamente electoralista cun candidato que nomean dende Madrid? Son os mesmos que puxeron o candidato anterior que elixiu a Deputación da Coruña en lugar de gobernar Vigo.

Por que vou crer eu neses dirixentes que xa fixeron o que fixeron? O BOE ou o Partido Galeguista vainos denunciar ata o día do xuízo final e estarei encantado e feliz dos aplaudir publicamente se hai BOE que signifique o compromiso concreto para rematar coas características técnicas que di o noso comunicado de hoxe: as mesmas que Santiago-Ourense, eu diría Coruña-Santiago-Ourense porque no fondo é o que é, tamén acepto a omisión política cara á galería pero o caso é que Coruña-Santiago-Ourense vai ter unha liña e Vigo está fóra dela. Esa é a realidade fáctica das comunicacións da alta velocidade en Galicia hoxe en día.

Polo tanto con esas mesmas calidades e cos mesmos prazos. E déixenme dicirlles que ou moito se corre ou pobres prazos para todos.

SR. TOBA GIRÓN: Eu sería máis partidario de precisar o debate ó presente e non ir moi atrás aínda que teño que recoñecer que fun eu quen abriu a caixa de Pandora citando ó Sr. Aznar con aquel *"Yo no lo hubiera hecho"* a respecto da alta velocidade de Andalucía. Por suposto nese intre o Sr. Figueroa, que debe ter no seu gabinete a un descendente do Sr. Cousteau, especialista en mergullar na prensa do pasado, remítese á prehistoria da alta velocidade en Vigo no ano 88, cando practicamente xa ninguén lembra o termo *"inter city"*, xa non digamos o de *interparroquial* que di o Sr. Figueroa.

Lamentablemente eses exercicios de mergullo non nos van permitir resolver a situación axeitadamente e á altura do que necesita esta cidade. Si nos poden dar unha argumentación na retórica do debate para tentar desmontar o posicionamento do contrario pero sen ningún beneficio para a cidade. Vaia o primeiro pola gracia que provoca, vaia o segundo pola ineficiencia do discurso.

Este non é momento de se facer preguntas retóricas, se hai credibilidade ou non nas exposicións que hoxe resultan nos medios de comunicación, para que temos que nos facer esa pregunta? Reflexionemos no pasado do Sr. Figueroa ou no pasado máis recente. Realmente carece de importancia.

Carece de importancia se o acordo que adoptamos hoxe aquí é sincero, é de compromiso, compromete ás catro forzas políticas e vai ser afondado ó longo dos próximos anos, que eu diría meses porque a situación é a que é. Iso si que ten importancia porque o que ten importancia para esta cidade é a credibilidade do acordo da Corporación municipal e o compromiso das forzas políticas.

O compromiso dos candidatos sinceramente a min tamén me interesa pero non compromisos en forma de fogos fatuos como dicía o Sr. Soto; compromisos de traballar seriamente, duramente nos próximos anos para asegurar esa comunicación da alta velocidade. Ese si que é un compromiso importante para os próximos candidatos á Alcaldía de Vigo, traballar caladamente, buscando a unidade da cidade e construír dende esa unidade o futuro.

Esa é a clave, non necesitamos grandes xestos os cidadáns de Vigo, o que si necesitamos son convencidos compromisos para os próximos anos.

Tampouco vale facer un recitado das iniciativas que se teñen adoptado. Os compañeiros do Partido Socialista se quixeran poderían e terían plena lexitimidade de desempeñar o traballo daquel deputado, Sr. Hernández, que tanto se preocupou por este tema; tamén nós poderíamos resucitar as distintas iniciativas adoptadas e tomadas en conta de distintos congresistas, da Sra. Fernández Davila, do Sr. Guillermo Vázquez, pero iso tampouco nos serviría. Dígoo en concreto para o Sr. Figueroa e para o traballo da senadora, Sra. Porro, que entendo e a máis coñezo que foi ese.

Do que estaba falando era do traballo da Alcaldía que é un traballo distinto, non é o da representación do partido, é o traballo de representación da cidade e insisto que ó longo dos últimos anos ten habido un enorme baleiro no que non houbo continuidade daquel traballo no que tanto afondamos no mandato pasado. Esa responsabilidade, señores e señoras corporativos, reside na presidencia deste Pleno.

Esta é a realidade e na acomodación a que a conquista de Cerdedo púñanos o asunto completamente en marcha e non é así. O Pleno da Corporación debe permanecer vixilante.

Porén e para rematar porque coido que o resto non lle vai servir á cidade de Vigo, o noso grupo agarda que o compromiso de todos os grupos sexa coa mesma convicción, a mesma seguridade de desenvolver os obxectivos que están plasmados ó longo dos próximos meses e agardamos que ese compromiso se estenda máis aló das eleccións municipais, estando cada quen na posición que o pobo de Vigo lle queira dar nesas eleccións, pero que ese compromiso vaia máis aló.

Entendemos no noso grupo que a clave para buscar esa continuidade dunha banda é este acordo plenario que todos os grupos imos votar, pero ademais do

compromiso dos propios grupos esa clave é tamén o compromiso da cidade e ese compromiso constrúese, acádase no Consello Social que é quen debe ter permanencia desa memoria independentemente de que nun momento ou noutro ocupe representación política ou de calquera dos colectivos que alí representan ó conxunto da cidade.

Polo tanto vaíamos a ese Consello Social e mesmo eu coido que sería conveniente, nos trámites inmediatamente anteriores á reunión dese Consello Social e como produto do seu traballo, que fóramos alí coa idea de establecer un calendario de traballo, de entrevistas ó longo dos próximos meses dese Consello que permita ir fraguando a unidade arredor da representación de Vigo e da provincia de Pontevedra no Congreso dos Deputados, arredor da nosa representación no propio Senado e tamén no Parlamento de Galicia en primeira instancia.

Coido que ese calendario debера quedar pechado na reunión do próximo martes e poñer a traballar a esa comisión, calquera que sexa, para que realice un traballo apurado nos próximos meses que permita solventar a excesiva pasividade dos últimos tres anos.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A verdade é que manter o debate con quen o antigo compañeiro Miguel Barros chamaba “atleta dialéctico” que un día unha cousa e outro outra é un pouco difícil pero hai cousas, ó estilo de determinadas declaracións do Sr. Rajoy respecto do terrorismo e outras cousas das que obviamente non vou falar aquí, que case amolan, pero si vou falar da manipulación, o oportunismo permanente que non deixa a máis mínima físgoa a calquera lapso ou erro, aínda que sexa da Vicepresidenta do seu Goberno, porque tamén é a súa vicepresidenta, Sr. Figueroa. Esa manipulación que vostede fixo con ese tema, con algo que todos os que estabamos alí presentes entendemos que era unha mala información transmitida á Vicepresidenta que obviamente non sabe de todo, paréceme impresentable. Encantaríame que a vicepresidenta soubera e que tivera moito máis claro o de Cerdedo, ogallá tamén serva para que o teñan máis claro.

Como mo parece tamén que cando saen determinadas declaracións vostede faga a lectura que lle convén, insista nas contradicións entre os voceiros socialistas que garanten o PIT e o candidato non. O candidato o que fai é poñer en dúbida os prazos e parece que tiña algo de razón, foi unha boa chamada de atención para todos.

Iso mestúrao con que era unha manobra de distracción dos problemas do porto cos contedores; ó día seguinte algo totalmente contrario e sempre facendo referencia á mentira.

Estou canso de que quen máis mente faga referencia permanentemente a que enganan, confunden, todo está preparado para que se saque a foto logo de varias xuntanzas co tema de Cerdedo. Para fotos xa temos algunha enormemente ilustrativa porque ademais o Sr. Fraga era así, á parte de querer o que quería a Vigo: nada e sábeo moi ben a súa conselleira de Asuntos Sociais. Manuel Fraga ante os periodistas, o día 4 de abril do ano 2002, cando se renuncia á "L", cando se acepta que se estude o tema do Miño, dixo: "A ver, Corina, póñase aquí para que a vexan". Vostede era conselleira e estaba preparándose para ser candidata e foi para involucrala directamente en algo que era un atentado a Vigo e a Galicia, a eliminación da "L".

Como a foto co Sr. Cascos que non valeu para nada, ou mesmo a famosa foto da que se discutiu naquel intre se era unha montaxe co Sr. Aznar tamén en campaña electoral.

A nós non nos preocupan as fotos, ogallá poidamos resolver o tema, o importante é o pé de foto, o acordo, iso para nós sería o realmente importante e parece que en efecto hai razóns para que esteamos preocupados e recoñecémolo. O que tentamos expoñer é que todos temos que arrimar o ombro, os socialistas porque estamos no Goberno de España e de Galicia, pero a Sra. Alcaldesa, presidenta do Consello Social, que se lle encomendou facer unha serie de xestións que tamén as mova porque non fixo absolutamente nada.

Xa que se fala de don Abel Caballero cando foi ministro, falando da Sra. Conselleira de Asuntos Sociais, porque se non me lembro mal o Partido Popular gobernou dende o 96 ó 2004, gustaríame saber se moitas das propostas do que comentou a Sra. Conselleira de Asuntos Sociais no seu intre se levaron todas a cabo. Por favor, non utilizemos eses recursos porque como alcaldesa e como candidata tivo xa varias promesas que non cumpriu en absoluto e non lle quero facer o recitado.

Estamos de acordo en que hai un grave problema. As solucións están nesta proposta, no que podemos facer absolutamente todos para que iso vaia adiante, a nosa disposición é comprometérmonos totalmente.

Sr. Soto, non me parece moi electoral dicir que se fará público o estudo informativo en xuño, en todo caso e dende o punto de vista electoral sería moito mellor que

fora antes das eleccións o 27 de maio. Traballaremos por iso, porque se faga canto antes e non por electoralismo, porque cremos que é absolutamente vital, estratéxico e irrenunciable para o que todos sabemos e en ocasións hai que nomear á eurorrexión Galicia norte de Portugal. Por suposto que é crucial e traballaremos niso.

Queremos aproveitar esta situación crítica que se deu na cidade e en todo o sur de Galicia para que todos poidamos premer; pois si, premamos todos para que se cumpran os compromisos e para que se avance o máximo posible nos prazos.

Iso é o que realmente nos preocupa e a nosa actitude vai ser esa. Quixera pedirllas ó resto dos grupos políticos que, aínda que o xesto do candidato foi importante nesta crise aínda que algúns non o queiran recoñecer, esquezámonos diso, non vaia ser que algúns non poñan o ombro para que non se resolva o tema que parece que o que molesta é que se poida resolver.

Poñamos todos enriba da mesa esa preocupación, nós imos estar envorcados e estou absolutamente convencido que todos os demais farán o mesmo.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Soto, vostede pide unha investigación sobre o Boletín do 14 de decembro; doulle a resposta do Secretario de Estado de relacións coas Cortes que é pública e oficial a unha senadora. Dille: “Posteriormente con data 14 de decembro remitiuse ó Ministerio de Medio Ambiente unha memoria resume complementaria na que se consideraba o corredor de Cerdedo. Con data 23 de abril de 2004 recibíuse a resposta a estas consultas previas”.

Doulle a copia, é oficial e pode recollela vostede, ten entrada no Rexistro o 30 de novembro de 2004 e a resposta é do 25 de novembro. Buscámola no libro de sesións do Senado e alí estará. Logo doulle a copia para que teña coñecemento.

O importante como aquí se dixo é que cara ó futuro todos traballemos neste acordo acadado por unanimidade, que busquemos os apoios noutras institucións, outros estamentos, tamén na clase social, económica e veciñal desta cidade e da súa Área Metropolitana pero o que non se pode é negar a ninguén a posibilidade do debate político. Paréceme moi ben que o Partido Socialista non queira escoitar os antecedentes e o que pasou nesta cidade pero eu lle teño que dicir ós cidadáns de Vigo que hai un señor que se chama Abel Caballero, candidato do Partido Socialista, que fixo unhas declaracións, coido que transmitindo un reto á cidadanía que dende o noso punto de vista é unha farsa.



O único que está tentando acadar é un apoio para dicir que é o único que traballou por este tema o acadouno. Pois non o vai conseguir porque é imposible o que dixeron onte de que o estudo informativo estea concretado no verán porque a Consellería de Política territorial se vai ter que desmentir. Polo tanto están mentindo unha vez máis ou estannos enganando. Eu non quero que me engane ninguén e teño que o dicir claramente.

Cando me pasan esta información que ó mellor igual ma pasan dende o seu propio partido. Sr. Toba, saben vostedes como funciona isto, os inimigos son os de casa, os adversarios os de fóra. A min chegoume a información e ó mellor sen o querer. Eu teño equipo para traballar pero non teño capacidade para buscar en todas as hemerotecas. Seguramente pasoume esta información alguén que non é do meu partido.

Son informacións de alguén sendo ministro de Transportes de España e por riba de Vigo, non unha persoa calquera. Se me din que ven aquí un andaluz a facer unha manifestación no ano 88 dicindo que en Galicia teremos o AVE no ano 93, ó mellor agora calo e non digo nada. Pero se da a coincidencia de que esa persoa é a mesma que agora reta a toda a sociedade viguesa cando el non foi quen de poñer nin un só metro en marcha.

Tampouco lembramos máis cuestións do actual presidente de onde deixou o AVE cando era Secretario de Estado. A ver se nos imos esquecer de todo o que pasou. Paréceme moi ben que vostedes non queiran lembrar estas cuestións pero o mapa de infraestruturas do AVE, sendo Secretario de Estado o Sr. Touriño, chegaba onde chegaba, nunca pasaba do Padornelo cara á Galicia.

Está ben que agora como presidente o reclame pero, que credibilidade pode ter unha persoa que sabemos que está confundindo e utilizando unha manobra política ante a opinión pública para acadar un resultado electoral? Hai dúas conclusións: ou está moi desesperado porque os datos non lle dan ou é que non quere ir de candidato porque senón é totalmente imposible que unha persoa, coa súa capacidade intelectual, poida facer esa proposta á cidadanía. Só se considera que os vigueses non nos decatamos de nada e é un ataque á nosa intelixencia.

Temos a obriga do dicir á cidadanía, de sacar os debates políticos igual que fan vostedes, de dicir á cidadanía que o Sr. Caballero no ano 88 prometeu un tren de alta velocidade para Galicia chamado "*Inter city*" que estaría concluído no ano 93. Non o dicimos nós, dio nunha rolda de prensa a carón do alcalde daquel entón e do

governador civil, ás dúas máximas autoridade que había naquel intre con competencia na cidade de Vigo porque naquel entón o gobernador mandaba. Se un ministro, co alcalde sentado á súa esquerda e o gobernador civil á súa dereita, fai esa afirmación pública hai que lle crer.

Pero tamén hai unha cuestión que hoxe é o que máis me preocupa deste Pleno que é o que dixo o Sr. Calviño, que a vicepresidenta non sabe de todo. Como unha vicepresidenta do Goberno ven a unha cidade como Vigo e non sabe como está a infraestrutura máis importante que demandan os cidadáns que é o AVE? Isto non é nin unha parroquia nin unha aldea, ou é que viu de brincadeira á cidade? Viu ó que viu, a potenciar a un candidato dun xeito partidista.

Viña a un acto do Club Financeiro, tamén preparado dun xeito partidista para falar claro, chegou e atopouse coa sorpresa de que chegou a nena mala e fixo unha pregunta que non estaba no guión e puxéronse todos nerviosos e aí están os periodistas; empezaron pasar notas e leunas mal ou ó mellor llas pasaron mal porque quen as pasaron tampouco tiñan nin idea.

É moi grave que un voceiro dun grupo municipal diga que unha vicepresidenta do Goberno ven á cidade de Vigo e non sabe do tema máis importante que está a reclamar esta cidade. Non é a piscina de Valladares, nin a autovía Vigo-Porriño que tamén é importante e da que tampouco tiña moita idea.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Cuestión de orde. Pídolle á presidenta que deixe de facer comentarios fóra do micro e se quere intervir que interveña. Iso é algo elemental na Presidencia dunha Corporación.

A PRESIDENCIA: Sr. Calviño, cando remate o Sr. Figueroa terá a súa quenda.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Toba, se a vicepresidenta non sabe deste tema, con quen imos falar? Coa ministra que di que Galicia é a "M", que é andaluza e non lle preocupa? Non sei con quen imos falar, quen será o interlocutor que imos ter. A alcaldesa reuniuse nove veces con responsables do AVE e non nos estraña que esteamos nesta situación porque o mínimo que se pide é un pouco de responsabilidade.

Sr. Toba, non quería intervir pero vostede fixo unha descarga absoluta sobre a alcaldesa. Vostedes votaron o orzamento do ano 2005 e 2006. Onde estaba a

consignación do AVE a Vigo por Cerdedo? O Bloque fai un discurso de que é unha forza relevante para Galicia, que vai marcar as diferencias, vai defender por riba de todo a Galicia? Teño que o dicir porque vostedes votaron ese orzamento e mesmo lles fixeron unha artimaña por fixeron unha modificación da emenda que vostedes presentaron no ano 2006 e desviárona para outro corredor, non a destinaron única e exclusivamente a Galicia. Enganáronos dende o propio Parlamento sendo colaboradores do Goberno e vostede sábeo.

Incluíron nunha proposta de modificación orzamentaria que fixeron unha partida importante para o AVE de Galicia e cando se tramitou ese expediente remitírona a outro corredor. É certo.

Vostedes foron os que quitaron os antecedentes, falamos de Aznar, de Fraga e se vostedes queren seguir a falar de persoas que non están na vida política paréceme ben pero non nos voten a culpa a nós porque foron vostedes os que quitaron o tema. Se cando nós falamos dalgunhas declaracións dalgún membro do seu partido lles amola terán que recoller a luva igual que facemos nós e calam. Coido que Fraga fixo un magnífico traballo no relativo ó AVE; no ano 2003 é cando se reconduce a situación co ministro Cascos de elaborar ese estudo ó que fai referencia o Sr. Soto, polo tanto coido que hai que ser xustos coas persoas e non as descualificar.

Eu do único do que falei aquí foi de datos única e exclusivamente de informacións periodísticas que apareceron. Cando queira falar da xestión, Sr. Calviño, falamos e tamén se quere do Porto porque hoxe ben unha nova moi boa: “O tirón de Cádiz relega a Vigo ó sexto posto no *ránking de cruceristas*”. Ata no que iamos ben empezamos a perder posicións.

Tamén quitou vostede o dos contedores, se quere tamén falamos, de cantos investimentos se fixeron no porto de Vigo nos últimos dous anos que foi nada; en subvencións e publicidade todas e máis. Diga vostede un só investimento importante que fixera o porto de Vigo.

Nós imos votar a favor desta proposta e esperemos que entre todos poidamos facer a presión social necesaria para levar a cabo unha das demandas máis importantes que presenta a cidade e coido que iso é do que se trata. A alcaldesa de Vigo fixo durante estes anos un magnífico traballo sobre este tema e aquí deuse mostra diso, hai nove ou dez intervencións directas da alcaldesa, que non é cuestión de cartas.

Supoño que un secretario de Estado de Infraestruturas é un persoa relevante, con peso e capacidade para tomar decisións e houbo un compromiso firme nesa xuntanza. O presidente de RENFE igual; o director xeral de Infraestruturas tamén. Coido que foron xuntanzas que se levaron a cabo durante todos estes últimos anos. Tamén na súa etapa como senadora fixo unha pregunta que está respondida e por riba resposta ás inquedas que ten o Sr. Soto.

Non se poden descargar as tintas sobre unha persoa porque fixo todo o contrario, mesmo en xuntanzas que se levaron a cabo con alcaldes fixéronse matizacións e mesmo se fixo unha proposta moi concreta no Eixo Atlántico; hoxe mesmo non está aquí un concelleiro porque está representando ó Concello de Vigo nunha xuntanza do Eixo Atlántico en Lugo.

Coido que todos temos que buscar esa liña de apoio, de colaboración, de sensatez e se alguén quere utilizar isto politicamente está claro que este Goberno non vai calar, vai dicir o que pensa e Sr. Calviño, está claro que pensamos que é unha manobra política, de confusión porque o único que pode ratificar é o Boletín Oficial do Estado e aí coincido co Sr. Soto e máis co Sr. Toba, ó único que nos vai quitar de dúbidas de todo o que pase, pero en ningún caso, aínda que mañá publiquen a licitación do estudo informativo por Cerdedo, saiban os cidadáns que nin no verán nin a finais deste ano vai estar. No mellor dos casos e como moito en 18 meses; imos ser xenerosos e imos supoñer que un ano. Pois en febreiro ou marzo de 2008 estaría ese estudo informativo redactado e concluído.

Que non nos enganen porque coido que xa temos bastantes enganados e iso é o que nos amola ós vigueses, non podemos sentirmonos máis enganados. Coido que o que máis lle preocupa á cidadanía, a cada un de nós a nivel individual é que nos enganen e unha ministra de Fomento, que non ven a Vigo en ningún caso, fai anuncios dende Coruña ou dende Santiago do que vai facer en Vigo, marcha e non adquire ningún compromiso. A conselleira de Política Territorial onte foi a Madrid e tivo que dicir nunha rolda de prensa o que dixo a ministra.

Pido sensatez, a calquera de nós non se nos pode ocorrer que a conselleira diga que a ministra lle dixo que. Coido que o lóxico sería que compareceran publicamente a conselleira máis a ministra pero a ministra non quere adquirir ningún compromiso. A vicepresidenta do Goberno, guste ou non, non rectificou, non fixo ningún comunicado oficial, non dixo que se trabucara o que pode pasar e respectariámolo, pero que nolo diga.

Tivo que o descubrir un medio de comunicación e a partir de aí xerouse a confusión. O presidente da Xunta que foi quen xerou a alarma nesta cuestión dixo que o AVE Vigo-Ourense por Cerdedo non era prioritario, nós non o inventamos, está nas hemerotecas, nos medios de comunicación. A partir de aí houbo unha reacción da Corporación porque considerabamos que ese tema estaba pechado.

É certo que por parte de todos houbo a confianza de que había un compromiso, veu unha vicepresidenta, dixo o que dixo, etc. Pero se o presidente do Goberno Galego abre o debate, evidentemente temos que desconfiar. A partir de aí se convoca un Pleno extraordinario urxente, unha Xunta de Voceiros, fálase con cada un de vostedes e aparece unha proposta no medio de confusión.

Iso é o que non se pode permitir porque se chama confusión, manobra política, posta en escena e tentar enredar todo. Iso é o que non queremos e temos que o denunciar porque os cidadáns teñen que o saber. Era necesario este Pleno para que souberan os cidadáns o que pasou dende o ano 96 como din uns ou dende o ano 88 como dicimos nós.

O tema do AVE non é unha cuestión dos últimos meses ou anos. Moita xente traballamos, cedemos, pasámolo mal, tivemos presións dos nosos partidos, fomos quen de lles responder e incluío a todos os partidos, non a un só. Nós tivemos presións e vostedes tamén, seguramente o Sr. Soto cando tivo responsabilidades tamén e os membros do BNG tamén porque tamén foron enganados, hai unha proba evidente porque fixeron unha modificación orzamentaria que se utilizou noutro corredor e iso é enganar porque gracias a iso votaron a favor uns orzamentos xerais do Estado. Non estamos a falar dunha modificación nin duns remanentes dun Concello, senón dos orzamentos xerais do Estado.

Se un grupo parlamentario que apoia ó Goberno é enganado, maxinen o que pode pasar a partir de aí, calquera cousa e iso é o que non queremos.

Imos votar a favor, imos poñérmonos en liña de traballo de colaboración. Este debate era necesario, evidentemente cada quen co seu posicionamento e a súa postura. Nós dixemos o que pensabamos responsablemente porque a cidadanía ten que se decatarse de cales foron os antecedentes. A partir de aquí hai unha nova etapa na que agradecemos que todos os grupos políticos poidamos ter un acordo e o que hai que facer e respectar este acordo.

Cada quen dentro das súas posibilidades imos traballar para o levar a cabo. O Partido Galeguista dentro da súa posición, coas súas inquietudes; o BNG esperemos

que no Parlamento sexa quen de premer e que non volva ser enganado; o Partido Socialista como membro do Goberno central. E por suposto o Partido Popular dende a cidade de Vigo, ostentando neste caso a Alcaldía e evidentemente tamén cos nosos parlamentarios en Madrid porque coido que se entre todos facemos forza ó final acadarémolo, pero non imos permitir que veña ningún intruso confundir e manipular unha das demandas máis importantes que ten formulada esta cidade. Coido que iso é o fundamental e o que todos debemos tentar acadar.

Repito que imos votar o acordo na súa integridade a pesar do debate; o debate queda na acta para a historia, para que todos saibamos cales son os nosos posicionamentos pero imos votar todos os puntos e esperemos poñer en marcha todos os mecanismos, trasladarlllo á Deputación, á Xunta de Galicia, ós concellos da provincia para acadar o seu apoio e por suposto faremos as xestións cos concellos do norte de Portugal para tamén tentar buscar o seu apoio.

Inmediatamente ó rematar este Pleno convocarase ó Concello Social para o martes, ás cinco da tarde, para que ratifiquen e nos dean o seu apoio e se sae algunha matización máis por suposto que se recollerá.

SR. TOBA GIRÓN: A respecto dos debates orzamentarios no Congreso dos Deputados, nos últimos anos Galicia existe e nótase. Antes non existía, agora si e as reivindicacións de Galicia están no debate dos orzamentos do Congreso dos Deputados dos anos 2005, 2006 e 2007. Ogallá poidamos seguir facendo que Galicia exista porque está existindo gracias a nós.

Eu particularmente estou moi orgulloso polo traballo realizado por dona Olaia Fernández Davila e por don Francisco Rodríguez porque se efectivamente Galicia aparece reflectida nos orzamentos, por certo, como nunca estivo reflectida ó longo dos últimos moitos anos, é gracias ó seu traballo.

*O Sr. secretario xeral do Pleno procede a ler a proposta da Xunta de Voceiros que se transcribe neste acordo.*

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Comesaña Abalde, Guerra Fernández e López-Chaves Castro)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Demandarlle ó goberno de España un pronunciamento claro e preciso do seu compromiso coa implantación da Alta Velocidade en Galicia, con indicacións concretas das características construtivas das obras a realizar, tempos de viaxe previsto dende todas as grandes cidades galegas e o calendario de todas as obras.

Segundo.- Dentro dese proxecto, o compromiso inequívoco de que se construírá a variante de Cerdedo-Carballiño, de xeito que as obras desta alternativa se realicen coas mesmas características e se rematen ó mesmo tempo que as do resto de Galicia, cousa perfectamente posible dende o plano técnico.

Terceiro.- Suxerirle ó goberno do Estado Español que xestione diante da Unión Europea, a todos os efectos, a inclusión das obras antes indicadas co mesmo tratamento obxectivo que as do tramo Santiago-Ourense e coa mesma prioridade que as do Eixo Atlántico, xa que formarían parte del por ser a saída principal da Eurorrexión cara á meseta e ó resto de Europa.

Cuarto.- Pedirle ó Parlamento Galego, á Xunta de Galicia e ó Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra un claro e inequívoco apoio ás teses antes expostas.

Quinto.- Realizarmos xuntanzas con representantes doutros Concellos da Provincia de Pontevedra, comezando polo da propia cidade de Pontevedra, para establecer accións comúns cara ós obxectivos máis enriba indicados.

Sexto.- Co gallo de axudar a definirmos proxectos conxuntos sobre a explotación da Alta Velocidade entre o Norte de Portugal e Galicia, propoñer os sucesivos encontros bilaterais que se consideren convenientes cos Concellos do Norte de Portugal, comezando polas Cámaras das cidades de Porto, Vilanova de Gaia, Braga, Valença etc. Eses encontros realizaríanse entre delegacións dos axentes políticos e sociais de cada parte.

Sétimo.- Convocar ó Consello Social de Vigo para que, escoitado o seu pronunciamento, se conforme unha delegación da que formarían parte a Xunta de Voceiros do Concello de Vigo xunto con representantes das institucións presentes no CS que se estimen máis convenientes, para o mellor cumprimento dos obxectivos indicados.

*A seguir se transcribe o documento facilitado polo voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro.*

MINISTERIO DE FOMENTO.  
**Plan Infraestructuras Transporte**  
**PIT 2000-2007**  
EL GOBIERNO INFORMA

El Ministerio de Fomento remite al de Medio Ambiente la Memoria Ambiental del Estudio Informativo.

---

**Se inicia la Evaluación de Impacto Ambiental del corredor de Cerdedo del tramo Ourense-Vigo de la Red de Alta Velocidad de Galicia**

- \* Un nuevo corredor se añade al ya enviado a Medio Ambiente
- \* Conectará la línea de Alta Velocidad Ourense-Santiago con el Eje Atlántico de Alta Velocidad

14-dic-03. La Dirección General de Ferrocarriles del Ministerio de Fomento ha enviado al Ministerio de Medio Ambiente la Memoria Resumen de Impacto Ambiental correspondiente al Estudio Informativo Complementario del tramo Ourense-Vigo del Acceso Ferroviario en Alta Velocidad a Galicia por el corredor da Cerdedo. Con este trámite, previo al de información Pública, se inicia la Evaluación de Impacto Ambiental del tramo.

A partir de ahora, en cumplimiento de la legislación medioambiental, el Ministerio de Medio Ambiente, podrá efectuar a las personas, Instituciones y Administraciones afectadas las consultas previas sobre el impacto ambiental que a su juicio se deriven de este proyecto, y recibir de ellas las indicaciones que estimen beneficiosas para una mayor protección del medio ambiente, así como cualquier propuesta que consideren conveniente respecto a los contenidos específicos a incluir en el Estudio de Impacto Ambiental que formará parte del Estudio Informativo de este tramo.

Esta Memoria-Resumen complementa la ya enviada al Ministerio de Medio Ambiente con fecha 5 de junio de 2003, en que se recogía el corredor que sigue el curso del río Miño. Durante el trámite de consultas previas así iniciado, se han recibido alegaciones, entre otras la de la Xunta de Galicia, que han hecho considerar el nuevo corredor cuya tramitación ambiental se inicia ahora.

Tras estas consultas previas y aprobado provisionalmente por el Ministerio de Fomento este Estudio Informativo Complementario, se someterá a Información Pública y Oficial. Superado este período, se elaborará el Informe de Alegaciones y se remitirá a Medio Ambiente para solicitar la preceptiva declaración de Impacto Ambiental.

**ANTECEDENTES**

El 13 de marzo de 2001 el Ministerio de Fomento a través de la Secretaría de Estado de Infraestructuras, adjudicó a la empresa SENER la redacción del "Estudio Informativo de la Nueva Línea de Alta Velocidad de Ourense a Vigo (por el Miño)", dentro de cuyo contexto se desarrolla este Estudio Informativo Complementario.

La Nueva Línea de Alta Velocidad de Ourense a Vigo está incluida en el Programa de Alta Velocidad del Plan de Infraestructuras 2000-2007, forma parte de la Línea de Alta Velocidad Madrid-Galicia del Corredor Ferroviario Norte-Noroeste. La actuación se enmarca de un modo



general en el cuadrante sur occidental de la Comunidad Gallega, afectando a las provincias de Ourense, Pontevedra y A Coruña.

La relación Ourense-Vigo está servida en la actualidad por la línea Monforte-Ourense-Vigo, explotada por RENFE, y cuenta con 131 km de vía única electrificada. El trazado tiene una velocidad máxima de circulación en el trayecto de 80/160 km/h según los tramos, con una velocidad media máxima de 90 Kms/h y un tiempo de viaje mínimo de una hora y 28 minutos.

### **CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS**

El alcance del Estudio Informativo Complementario comprende el nuevo corredor de Cerdedo que arrancando de la línea de Alta Velocidad Ourense-Santiago (actualmente en Concurso de proyecto y obra por el Ente Gestor de Infraestructuras Ferroviarias) desde un punto situado en las inmediaciones de Carballiño, conecta con el Eje Atlántico de Alta Velocidad Vigo-Santiago-A Coruña-Ferrol, (en proyecto y construcción por la Dirección General de Ferrocarriles) al Norte de Pontevedra.

La longitud de este corredor de unión es de unos 60 Kms.

La actuación consistirá en la implantación de un nuevo tramo de Alta Velocidad que se construirá de acuerdo con el Real Decreto 1191/2000 sobre interoperabilidad del sistema ferroviario de Alta Velocidad.

Las alternativas que se desarrollen resultarán coherentes en su funcionalidad con los tramos adyacentes, y contemplarán para ello una plataforma para vía doble en ancho internacional UIC electrificada en todo el recorrido.

### **TIEMPOS DE VIAJE**

Las actuaciones a desarrollar permitirán obtener un tiempo estimado de viaje en el recorrido Ourense-Vigo de unos 28 min., lo que, unido a los tiempos previstos por el resto de actuaciones del P.I.T, garantiza servicios en las relaciones desde Madrid a Vigo en un tiempo estimado de 2 h 32 min.

Esta información puede ser utilizada en parte o en su integridad sin necesidad de citar fuentes.

*No boletín figura un plano co trazado por Cerdedo e o título “Nueva línea de alta velocidade Ourense a Vigo. Estudio informativo complementario”, que non se pode escanear debido á mala calidade da copia facilitada.*

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e trinta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Mª Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria e urxente do Pleno do día 18 de xaneiro de 2007. Consta de 22 folios da serie A numerados do 1593304 ao 1593325, e números do 2 ao 25 Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 26 de marzo de 2007.

Vigo, a 26 de marzo de 2007  
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda